

1. Identificación da programación
Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36013448	Manuel Antonio	Vigo	2023/2024

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
SAN	Sanidade	CSSAN02	Próteses dentais	Ciclos formativos de grao superior	Réxime de proba libre

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0855	Próteses completas	2023/2024	0	187	0
MP0855_12	Articulación dentaria, enceramento e polimerización de próteses completas	2023/2024	0	157	0
MP0855_22	Compostura e rebaseamentos das próteses completas removibles de resina	2023/2024	0	30	0

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	RUT BAÑOS LOJO
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector

2. Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación

2.1. Primeira parte da proba

2.1.1. Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultados de aprendizaxe do currículo
(MP0855_12) RA1 - Realiza montaxes de proba en próteses desdentadas totais, identificando a posición das pezas dentarias.
(MP0855_22) RA1 - Repara próteses removibles de resina, para o que identifica os tipos de compostura.
(MP0855_12) RA2 - Procesa as próteses completas, con interpretación das técnicas de empaquetaxe de resina.
(MP0855_22) RA3 - Cumpre as normas de prevención de riscos laborais e de protección ambiental, e identifica os riscos asociados, así como as medidas e os equipamentos para os previr.
(MP0855_12) RA3 - Realiza a remontaxe e a talla das próteses completas, seleccionando as técnicas da talla selectiva.
(MP0855_12) RA4 - Repasa e púe próteses completas, interpretando os procedementos técnicos de acabamento.

2.1.2. Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos resultados de aprendizaxe por parte do alumnado

Criterios de avaliación do currículo
(MP0855_22) CA1.1 Determinouse o tipo de rotura na prótese.
(MP0855_22) CA1.2 Identificouse o tipo de reparación que cumpra realizar.
(MP0855_12) CA1.4 Analizáronse as referencias dos roletes para a montaxe no articulador.
(MP0855_12) CA1.6 Determinouse os trazos anatómicos dos maxilares edéntulos.
(MP0855_12) CA1.10 Deseñáronse as bases das próteses.
(MP0855_12) CA1.14 Realizouse o procedemento con precisión, orde e método.

Criterios de avaliación do currículo
(MP0855_12) CA2.1 Valorouse a idoneidade da montaxe de proba.
(MP0855_12) CA2.9 Cumpríronse os criterios de calidade en cada paso do procedemento.
(MP0855_22) CA3.1 Identificáronse os riscos e o nivel de perigo que supón a manipulación de materiais, instrumental e aparellos do taller.
(MP0855_22) CA3.2 Descríronse as medidas de seguridade e de protección persoal e colectiva que cumpra adoptar na execución de operacións na área de prótese dental.
(MP0855_22) CA3.3 Identificáronse as causas máis frecuentes de accidentes na manipulación de materiais, instrumental e equipamentos de traballo.
(MP0855_12) CA3.4 Seleccionouse as condicións de fresaxe.
(MP0855_22) CA3.4 Valoráronse a orde e a limpeza das instalacións e dos equipamentos como primeiro factor de prevención de riscos.
(MP0855_22) CA3.5 Clasificáronse os residuos xerados para a súa retirada selectiva.
(MP0855_22) CA3.6 Cumpriuse a normativa de prevención de riscos laborais e de protección ambiental nas operacións realizadas.
(MP0855_12) CA4.4 Seleccionáronse materiais e maquinaria para o puimento e abrillantamento.

2.2. Segunda parte da proba

2.2.1. Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultados de aprendizaxe do currículo
(MP0855_12) RA1 - Realiza montaxes de proba en próteses desdentadas totais, identificando a posición das pezas dentarias.
(MP0855_22) RA1 - Repara próteses removibles de resina, para o que identifica os tipos de compostura.
(MP0855_12) RA2 - Procesa as próteses completas, con interpretación das técnicas de empaquetaxe de resina.
(MP0855_22) RA2 - Confecciona rebaseamentos en próteses removibles de resina, e describe os procedementos técnicos.
(MP0855_12) RA3 - Realiza a remontaxe e a talla das próteses completas, seleccionando as técnicas da talla selectiva.
(MP0855_12) RA4 - Repasa e púe próteses completas, interpretando os procedementos técnicos de acabamento.

2.2.2. Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos resultados de aprendizaxe por parte do alumnado

Criterios de avaliación do currículo
(MP0855_12) CA1.1 Baleiráronse os modelos a partir dunha impresión.
(MP0855_12) CA1.2 Zocoláronse os modelos.
(MP0855_12) CA1.3 Elaboráronse as placas de resina.
(MP0855_22) CA1.3 Baleirouse o modelo de escaiola ou silicona.
(MP0855_22) CA1.4 Fixáronse os fragmentos, as pezas dentarias e os ganchos na prótese.
(MP0855_12) CA1.5 Montáronse os modelos no articulador.
(MP0855_22) CA1.5 Enceráronse as partes necesarias.
(MP0855_12) CA1.6 Determinouse os trazos anatómicos dos maxilares edéntulos.
(MP0855_22) CA1.6 Incluíronse os dentes necesarios.
(MP0855_12) CA1.7 Seleccionáronse os dentes artificiais.
(MP0855_22) CA1.7 Confeccionouse unha chave de escaiola ou silicona.
(MP0855_12) CA1.8 Montáronse os dentes no maxilar superior.
(MP0855_22) CA1.8 Preparáronse as superficies de resina para a súa unión.
(MP0855_12) CA1.9 Montáronse os dentes no maxilar inferior.
(MP0855_22) CA1.9 Preparouse e aplicouse a mestura de acrílico autopolimerizable.
(MP0855_22) CA1.10 Establecéronse as condicións de presión, temperatura e tempo da polimerizadora.

Criterios de avaliación do currículo
(MP0855_12) CA1.11 Modeláronse as bases das próteses.
(MP0855_22) CA1.11 Repasouse, puíuse e abrillantouse a zona reparada.
(MP0855_12) CA1.12 Modeláronse os contornos cervicais dos dentes artificiais.
(MP0855_12) CA1.13 Preparáronse as montaxes de proba para a súa colocación na boca.
(MP0855_22) CA2.1 Baleirouse en escaiola a impresión da base da dentadura.
(MP0855_12) CA2.2 Realizouse a modelaxe definitiva das próteses.
(MP0855_22) CA2.2 Confeccionouse a chave de posición e dimensión vertical sobre o modelo colocado no articulador.
(MP0855_12) CA2.3 Confeccionouse a mufla cos modelos mestres.
(MP0855_22) CA2.3 Acondicionouse a base da dentadura.
(MP0855_12) CA2.4 Eliminouse a cera da mufla e a contramufla.
(MP0855_22) CA2.4 Vernizouse a superficie do modelo.
(MP0855_12) CA2.5 Confeccionáronse retencións aos dentes artificiais.
(MP0855_22) CA2.5 Preparouse e aplicouse a mestura de acrílico autopolimerizable.
(MP0855_12) CA2.6 Vernizáronse todas as superficies de xeso en mufla e contramufla.
(MP0855_22) CA2.6 Establecéronse as condicións de presión, temperatura e tempo da polimerizadora.
(MP0855_12) CA2.7 Prensouse e inxectouse a resina.
(MP0855_22) CA2.7 Repasouse, puíuse e abrillantouse a zona reparada.
(MP0855_12) CA2.8 Polimerizouse a resina.

Crterios de avaliación do currículo
(MP0855_22) CA2.8 Comprobose o axuste das próteses.
(MP0855_12) CA3.1 Recuperáronse as próteses das muflas.
(MP0855_12) CA3.2 Remontáronse os modelos no articulador.
(MP0855_12) CA3.3 Comprobáronse as posibles variacións no proceso de enmuflaxe.
(MP0855_12) CA3.5 Realizouse o axuste das próteses nos modelos.
(MP0855_12) CA3.6 Talláronse os contactos prematuros en oclusión céntrica.
(MP0855_12) CA3.7 Talláronse vertentes e fosas nas cúspides dos grupos posteriores en lateralidade.
(MP0855_12) CA3.8 Talláronse vertentes e fosas nas cúspides dos grupos posteriores en protrusión.
(MP0855_12) CA3.9 Comprobose o reaxuste da oclusión.
(MP0855_12) CA4.1 Retiráronse as próteses dos modelos mestres.
(MP0855_12) CA4.2 Rebaixáronse as próteses en longo e grosor ata os límites funcionais.
(MP0855_12) CA4.3 Modelouse nas próteses a forma das raíces dentarias.
(MP0855_12) CA4.5 Puíronse as próteses.
(MP0855_12) CA4.6 Abrillantáronse as próteses.
(MP0855_12) CA4.7 Comprobose o acabado das próteses.

3. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

MÍNIMOS ESIXIBLES

RA1. Realiza montaxes de proba en próteses desdentadas totais, identificando a posición das pezas dentarias.

CA1.1. Baleiráronse os modelos a partir dunha impresión.

CA1.4. Analizáronse as referencias dos roletes para a montaxe no articulador.

CA1.5. Montáronse os modelos no articulador.

CA1.6. Determinouse os trazos anatómicos dos maxilares edéntulos.

CA1.7. Seleccionáronse os dentes artificiais.

CA1.8. Montáronse os dentes no maxilar superior.

CA1.9. Montáronse os dentes no maxilar inferior.

CA1.11. Modeláronse as bases das próteses.

CA1.14. Realizouse o procedemento con precisión, orde e método.

RA2. Procesa as próteses completas, con interpretación das técnicas de empaquetaxe de resina.

CA2.1. Valorouse a idoneidade da montaxe de proba.

CA2.2. Realizouse a modelaxe definitiva das próteses.

CA2.3. Confeccionouse a mufla cos modelos mestres.

CA2.4. Eliminouse a cera da mufla e a contramufla.

CA2.7. Prensouse e inxectouse a resina.

CA2.9. Cumpríronse os criterios de calidade en cada paso do procedemento.

RA3. Realiza a remontaxe e a talla das próteses completas, seleccionando as técnicas da talla selectiva.

CA3.3. Comprobáronse as posibles variacións no proceso de enmuflaxe.

CA3.4. Seleccionouse as condicións de fresaxe.

CA3.5. Realizouse o axuste das próteses nos modelos.

CA3.6. Talláronse os contactos prematuros en oclusión céntrica.

CA3.8. Talláronse vertentes e fosas nas cúspides dos grupos posteriores en protrusión.

CA3.9. Comprobouse o reaxuste da oclusión.

RA4. Repasa e púe próteses completas, interpretando os procedementos técnicos de acabado.

CA4.2. Rebaixáronse as próteses en longo e grosor ata os límites funcionais.

CA4.3. Modelouse nas próteses a forma das raíces dentarias.

CA4.4. Seleccionáronse materiais e maquinaria para o puimento e abrillantamento.

CA4.5. Puíronse as próteses.

CA4.7. Comprobouse o acabado das próteses.

RA1. Repara próteses removibles de resina, para o que identifica os tipos de compostura.

CA1.1. Determinouse o tipo de rotura na prótese.

CA1.2. Identificouse o tipo de reparación que cumpra realizar.

CA1.4. Fixáronse os fragmentos, as pezas dentarias e os ganchos na prótese.

CA1.5. Enceráronse as partes necesarias.

CA1.7. Confeccionouse unha chave de escaiola ou silicona.

CA1.10. Establecéronse as condicións de presión, temperatura e tempo da polimerizadora.

CA1.11. Repasouse, puíuse e abrillantouse a zona reparada.

RA2. Confecciona rebaseamentos en próteses removibles de resina, e describe os procedementos técnicos.

CA2.2. Confeccionouse a chave de posición e dimensión vertical sobre o modelo colocado no articulador.

CA2.3. Acondicionouse a base da dentadura.

CA2.6. Establecéronse as condicións de presión, temperatura e tempo da polimerizadora.

CA2.7. Repasouse, puíuse e abrillantouse a zona reparada.

CA2.8. Comprobouse o axuste das próteses.

RA3. Cumpre as normas de prevención de riscos laborais e de protección ambiental, e identifica os riscos asociados, así como as medidas e os equipamentos para os previr.

CA3.1. Identificáronse os riscos e o nivel de perigo que supón a manipulación de materiais, instrumental e aparellos do taller.

CA3.2. Describíronse as medidas de seguridade e de protección persoal e colectiva que cumpra adoptar na execución de operacións na área de prótese dental.

CA3.4. Valoráronse a orde e a limpeza das instalacións e dos equipamentos como primeiro factor de prevención de riscos.

CA3.5. Clasificáronse os residuos xerados para a súa retirada selectiva.

CA3.6. Cumpriuse a normativa de prevención de riscos laborais e de protección ambiental nas operacións realizadas.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

Proba teórica: 35%.

Proba práctica: 65%

O alumno presentarse a dúas probas, unha teórica e outra práctica. As dúas probas puntuaranse de cero a dez. A nota final do módulo será a media ponderada das notas acadadas na proba teórica e práctica. Soamente se calculará a media destas notas cando a persoa aspirante acade unha nota igual ou superior a un 5 en cada unha das probas.

A primeira parte da proba terá carácter eliminatorio. Será necesario acadar un 50% da puntuación total para acceder á segunda parte da proba.

As persoas que non superen a primeira parte da proba serán cualificadas cun cero na segunda parte da proba, de xeito automático, ó non poder acceder á segunda parte da proba.

No caso das persoas aspirantes que suspendan a segunda parte da proba, por no acadar un 50% da puntuación posible (puntuarase de cero a dez, coma a primeira parte), a puntuación máxima que poderá asignárselle como nota final, será de catro puntos.

O equipo docente poderá excluír de calquera parte das probas ás persoas aspirantes que leven a cabo calquera actuación de tipo fraudulento, incumpra as indicacións do profesor/ra para a realización da proba, ou incumpra as normas de prevención, protección e seguridade que poidan implicar, a criterio do profesor/ra, algún tipo de risco para sí mesmas, para o resto do grupo, para o persoal do centro ou para as instalacións, durante a realización das probas, ou como preparación a éstas. Neste caso, o profesor/ra comunicará á persoa aspirante a súa exclusión da proba e cualificará esa parte da proba do módulo cun cero.

4. Características da proba e instrumentos para o seu desenvolvemento

4.a) Primeira parte da proba

A primeira parte terá carácter eliminatorio e consistirá en:

Unha proba escrita con preguntas tipo test ou curtas ou de desenvolver que versarán sobre unha mostra significativa dos criterios de avaliación recollidos na programación do módulo. As preguntas tipo test serán de resposta única, puntuando de xeito negativo as respostas incorrectas. A proba teórica terá unha duración máxima de entre dúas e tres horas. Esta primeira parte da proba cualificarase de cero a dez puntos (sendo o cero a nota máis baixa que poida ter a persoa aspirante). Para a súa superación as persoas candidatas deberán obter unha puntuación igual ou superior a cinco puntos. Finalizada esta primeira parte da proba, as comisións de avaliación exporán a puntuación obtida polas persoas aspirantes no taboleiro de anuncios do centro ou na aula virtual.

Para a realización da proba será necesario bolígrafo azul ou negro. Está totalmente prohibido o uso/consulta do móbil durante toda a proba ou calquera outro dispositivo electrónico que permita o contacto co exterior. Será necesaria a identificación mediante o DNI ou pasaporte.



As persoas aspirantes que superen a primeira parte da proba realizarán a segunda, que tamén terá carácter eliminatorio.

4.b) Segunda parte da proba

Avaliación do coñecemento do módulo.

A segunda parte da proba consistirá na realización dunha ou varias actividades teórico-prácticas nos criterios de avaliación do currículo do ciclo. Desta maneira a persoa aspirante poderá mostrar o dominio sobre procedimentos levados a cabo neste módulo.

Valorarase o coñecemento do manexo correcto do material e equipamento do laboratorio, do cumprimento das medidas de seguridade, da eliminación adecuada dos residuos xerados, do mantemento, limpeza e orde do posto de traballo e da búsqueda da calidade no resultado final.

Para a proba práctica, o aspirante virá provisto dos seguintes utensilios e vestimenta: Instrumentos de modelar, bata de laboratorio, gafas de protección, fresas de tungsteno e mascarilla. Se fose necesario algún outro material, se lle comunicará con antelación suficiente (mínimo de unha semana).

Esta segunda parte da proba calificarase de cero a dez puntos. Para a súa superación as persoas candidatas deberán obter unha puntuación igual ou superior a cinco puntos.

Non se permitirá o uso de móbiles nin de calquera outro dispositivo electrónico que permita o contacto co exterior e será necesaria a identificación mediante o DNI ou pasaporte que deberá estar a disposición do profesor enriba da mesa.